

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE ABRIL DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Francisco Javier Varela Tejedor

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día once de abril do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o Sr. secretario accidental do Concello, D. Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 4 DE ABRIL DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 4 de abril de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 4 de abril de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 22 de marzo de 2022, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2021/788). DOG núm. 70 do 11-04-2022.
- Anuncio do 4 de abril de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña, de concellos de menos de 50.000 habitantes para actividades durante o exercicio 2022. BOP núm. 65 do 05-04-2022.
- Anuncio do 4 de abril de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña, de concellos de

menos de 50.000 habitantes para a adxudicación de equipamento de emerxencias durante o exercicio 2022. BOP núm. 65 do 05-04-2022.

- Anuncio do 4 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 1º trimestre de 2022. BOP núm. 68 do 08-04-2022.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Intensidade
24/03/22	653	Conceder a ***0058** e ***0238** o Servizo de Teleasistencia domiciliar e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.	
24/03/22	660	Dar de baixa os servizos municipais de Axuda no fogar, Xantar na casa e Teleasistencia domiciliar solicitados por ***3083** e declarar terminado o procedemento.	
25/03/22	670	Denegar a solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por ***1422**, por non asumir os deberes das persoas usuarias do servizo, recollidos no Artigo 9 de Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD), publicado no BOP nº 159 de 21 de agosto de 2015.	
24/03/22	687	Conceder a ***0011** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos). Denegar a ***6978** o servizo municipal de axuda a domicilio por non cumprir os requisitos das persoas destinatarias do servizo e requisitos de acceso, xa que non é unha persoa con déficit de autonomía persoal e non precisa de coidados permanentes ou especializados dun centro asistencial e que mediante esta prestación pode manter unha vida independente.	

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

29/03/22	689	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por ***7119** e declarar concluído o procedemento.	
29/03/22	704	Dar de baixa o servizo de Xantar na Casa de***3371** e ***8685**e declarar terminado o procedemento.	
01/04/22	726	Non procede a ampliación do servizo de axuda no fogar por libre concurrencia de ***7344** por dispor do servizo pola vía de Dependencia. Non procede a ampliación do servizo municipal de axuda a domicilio de ***0255** por non dispor do devandito servizo nin por libre concurrencia nin pola vía de Dependencia.	
01/04/22	727	Conceder a ***2841** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).	
01/04/22	728	Conceder a***8869** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos). Conceder o Xantar na Casa para os sete días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.	
01/04/22	729	Conceder a ***1421** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos). Conceder a ***1429**o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Obxecto da axuda	Importe
--------------------	---------------	--------------------	------------------	---------

C.I.F. P-1503100-H

29/03/22	688	Conceder a ***8121** unha axuda económica.	Pago de parte da factura da instalación de fontanería correspondente ao orzamento número 34215 de Rey Pose Fontanería.	1.063,15 €
30/03/22	716	DENEGAR a ***7463** as axudas para abono de hipotecar por exceder o límite de ingresos.		
30/03/22	717	Conceder a ***0281** unha axuda económica	Pago de aluguer, correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021, xaneiro de 2022 (350€/mes) e parte de febreiro de 2022 (108€)	1.158,00 €
30/03/22	718	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	Recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2021.	60,22 €
30/03/22	719	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	Recibos de auga do 1º trimestre (56,65€), 2º trimestre (55,93€), 3º trimestre (56,65€) e 4º trimestre de 2021 (56,65€). Recibos de gas de 10/03/2021 (13,30€), 21/04/2021 (16,30€), 13/05/2021 (16,30€), 23/06/2021 (16,30€), 21/07/2021 (16,92€), 18/08/2021 (16,92€), 10/11/2021 (16,92€) e 1/12/2021 (16,92€) e 22/12/2021 (16,92€). Recibos de luz de data 17/01/2021 (36,43€), 15/02/2021 (36,93€), 17/03/2021 (23,28€), 15/04/2021 (25,35€), 16/05/2021 (31,10€), 15/06/2021 (21,22€), 21/06/2021 (3,50€), 18/07/2021	648,59 €

			(17,18€), 16/08/2021 (17,68€), 22/09/2021 (19,54€), 19/10/2021 (21,02€), 15/11/2021 (11,29€) e 19/12/2021 (11,39€).	
--	--	--	---	--

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Vixencia
23/03/22	651	Denegar a ***9913** a tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade por non recoñecerse a existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos.	

”

2.3.- DECRETO DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 137/2021.

O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do decreto do 17 de marzo de 2022 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, PROCEDEMENTO ORDINARIO 137/2021, en cuxo acordo di:

“**Archivar provisionalmente** los presentes autos, que permanecerán en tal situación mientras no se solicite la continuación del proceso o se produzca la caducidad de instancia.

MODO DE IMPUGNACIÓN:

Contra la presente resolución cabe interponer recurso de reposición, en el plazo de **CINCO DÍAS**, a contar desde el siguiente a su notificación.”

2.4.- SENTENZA 39/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 243/2021.

O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 39/2022, do 25 de marzo de 2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, PROCEDEMENTO ABREVIADO 243/2021, en cuxo fallo anonimizado di:

“Se estima el recurso contencioso administrativo interpuesto por el Procurador D. Diego Rua Sobrino, en nombre y representación de AXA y de D. J.R.R.B. frente a la desestimación por silencio de la reclamación efectuada ante el Ayuntamiento de Culleredo, con motivo de los daños sufridos en el vehículo matrícula 8934 FBG, cuando se cayó de forma repentina un árbol.

Se declara la citada Resolución, nula por no ser ajustada a derecho.

Se condena a la Administración demandada a estar y pasar por los anteriores pronunciamientos y a indemnizar a AXA en la cantidad de 1.321,80 euros y a D. J.R.R.B. en la suma de 240 euros, más los intereses legales.

No se realiza especial pronunciamiento sobre las costas.

Contra esta Sentencia no cabe interponer recurso alguno.”

2.5.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DA CORUÑA, PEZA SEPARADA DE MEDIDAS CAUTELARES 118/2021 1 PA 118/2021-L.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación, do 1 de abril de 2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, PEZA SEPARARADA DE MEDIDAS CAUTELARES 118/2021 1 PA 118/2021-L, que di:

“Únase el escrito con nº de registro 2470/22 presentado por la procuradora MONTSEERAT BERMUDEZ TASENDE, en nombre y representación del Concello de Culleredo **procédase a transferir la cantidad de 200 euros consignada en la cuenta de este Juzgado para pago de las costas a la cuenta que se facilita.**

MODO DE IMPUGNACIÓN:

Contra la presente resolución cabe interponer recurso de reposición, en el plazo de **CINCO DÍAS**, a contar desde el siguiente al de su notificación.”

2.6.- AUTO 28/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DA CORUÑA, PFE INCIDENTE DE EXECUCIÓN 1/2021 PROCEDEMENTO ABREVIADO 1/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do auto 28/2022, do 5 de abril de 2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 da Coruña, PFE INCIDENTE DE EXECUCIÓN 1/2021 PROCEDEMENTO ABREVIADO 1/2021, en cuxo acordo (anonimizado) di:

“Desestimo la solicitud de aplazamiento de la ejecución de la sentencia presentada por la letrada Dª María de las Nieves Fuentes Bermejo, en nombre y representación del Ayuntamiento de Culleredo.

Notifíquese la presente resolución a las partes, advirtiéndole que contra la misma cabe recurso de apelación en el plazo de quince días desde su notificación”.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Ao abeiro do previsto no artigo 72 do Regulamento orgánico municipal (BOP núm. 162, do 16 de xullo de 2004) a Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local o asunto relativo á proposta da concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 8 de abril de 2022 (código de documento UAU16I013R), relativa á aprobación inicial por silencio administrativo do “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo”.

Sometida a urxencia a votación ordinaria, é aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a debate e votación a proposta da concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 8 de abril de 2022 (código de documento UAU16I013R), que transcrita literalmente di:

“Proposta da concelleira delegada da Área de Urbanismo á Xunta de Goberno Local para a aprobación inicial do “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo” que redactou o arquitecto D. Javier Nogueiras Mascarenhas co selo de visado colexial do 18.01.2019 e que promove D. Manuel Naya Álvarez na calidade de administrador único da mercantil Valle de Rumbo, S.L.

Vista a Sentenza nº 75/2022 do 15.02.2022, Rec. nº 4314/2021, da Sección 2 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se estima o recurso de apelación que interpuxo o Procurador D. Javier Garaizabal García de los Reyes, coa asistencia letrada do avogado contra a Sentenza nº 105/2021 do 2 de xuño, que ditou o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 de A Coruña no Procedemento Ordinario 207/2019, revogando a mesma, no sentido de estimar a demanda e anular as resolucións de inadmisión que se recorran, sen facer expresa imposición de costas a ningunha das partes.

A citada sentenza considera que o "Plan Especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo" resultou aprobado por silencio administrativo.

Visto o informe de non viabilidade do recurso de casación contra a sentenza do TSX de Galicia, emitido pola Asesora Xurídica co visto e prace da xefe da Asesoría Xurídica, o 06.04.2022 (código do documento UAJ16I0043) que recolle:

"(...)ANTECEDENTES

Primeiro.- O 27 de setembro de 2019 a mercantil Valle de Rumbo, S.L. interpuxo recurso contencioso-administrativo PO 207/2019, ante o xulgado do contencioso-administrativo nº 4 de A Coruña, contra a resolución de Alcaldía pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra os acordos da Xunta de Goberno Local relativos aos efectos desestimatorios xerados pola falta de resolución expresa do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo.

Segundo.- En data 23 de xuño de 2021 o xulgado do contencioso-administrativo nº 4 de A Coruña dita Sentenza nº 105/2021 pola desestima o recurso e impón as costas á recorrente.

Terceiro.- Presentado pola actora recurso de apelación nº 4314/2021 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en data 15 de febreiro de 2022 dita Sentenza nº 75/2022 estimando o recurso, sen facer expresa imposición de costas a ningunha das partes.

Cuarto.- O prazo para anunciar recurso de casación remata o 13 de abril de 2022.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O debate xira exclusivamente sobre a impugnación dun acto de trámite cualificado, a saber, a aprobación inicial ou non por silencio administrativo, do Plan especial de Infraestruturas e Dotacións promovido pola mercantil Valle de Rumbo, S.L. para posibilitar a implantación en Solo Rústico dun Centro de asistencia a persoas maiores.

SEGUNDA.- A Sentenza do TSX de Galicia de 15 de febreiro de 2022, resulta suficientemente contundente na análise que realiza sobre o dereito ao trámite, a aprobación inicial ou non por silencio do Plan especial e os usos permitidos en solo rústico.

Primeiramente analiza a normativa de aplicación para a aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento de iniciativa particular, aludindo ao artigo 76 da Lei do solo de Galicia (LSG):

- "1. El plazo máximo para resolver sobre la aprobación inicial de planes de desarrollo de iniciativa particular será de tres meses, a contar a partir de su presentación en el registro general del ayuntamiento. Transcurrido este plazo sin que hubiera recaído resolución expresa, se entenderá otorgada la aprobación inicial del correspondiente instrumento de planeamiento.*
- 2. El plazo para la aprobación definitiva por el ayuntamiento de planes de desarrollo de los planes generales será de seis meses, a contar desde la aprobación inicial. Transcurrido este plazo sin que se hubiera procedido a la notificación de la resolución, podrá entenderse aprobado definitivamente el plan, siempre que se hubiera realizado el trámite de información pública y se hayan obtenido los informes preceptivos en sentido favorable, de conformidad con la legislación aplicable, o, en su caso, hayan sido solicitados los informes y hubieran transcurrido los plazos para emitirlos.*

3. No se aplicará el silencio administrativo positivo cuando los planes o instrumentos contuvieran determinaciones contrarias a la ley, los planes de superior jerarquía o los instrumentos de ordenación del territorio.”

Similar redacción recolle o artigo 183 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo.

A maior abundamento, recolle diversas sentenzas con pronunciamentos favorables a estimación por silencio.

No Fundamento de Dereito terceiro sinala:

“(…) **TERCERO.-** De la aprobación inicial operada por silencio y la improcedencia de prejuzgar el resultado final.

A la luz del precepto que hemos transcrito y del pretendido derecho al trámite que mantiene la entidad recurrente, hemos de llegar a una primera conclusión, muy simple, cual es que a la fecha en la que la apelante interpuso el dictado de la certificación de la aprobación inicial por silencio (29 de abril de 2019) el plazo de 3 meses había transcurrido para que opere el silencio positivo para la aprobación inicial (habida cuenta de que la solicitud se había presentado el 21 de enero de 2019 y no consta que se advirtieran defectos formales o fuera objeto de requerimiento alguno de subsanación) pero solo aquella presentación excitó a la administración local para recabar el informe jurídico de la secretaria de la corporación, ya que antes solo había emitido informe el arquitecto municipal -como advertimos en la relación de antecedentes consignados en el anterior fundamento- y que sirven a la Juzgadora de instancia para entender motivada la resolución de inadmisión. Aunque, como veremos a continuación, en el presente recurso ni se adujo la falta de motivación por la entidad recurrente ni lo que hemos de decidir, como ya advertimos, puede venir predeterminado por los criterios que, de tramitarse completamente el Plan Especial, habrían de ponderarse en la resolución final del expediente. Sentado lo anterior hemos de advertir que, en primer lugar y con arreglo a la distribución de competencias dibujada en la C.E. y delimitadas por múltiples pronunciamientos del T.C., hay que atender, en primer lugar, a la normativa autonómica vigente al tiempo de promover el plan especial que en este caso viene dada por la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia y con arreglo a ella se establece:

Art.35.1

Los usos y actividades admisibles en suelo rústico serán los siguientes:

p) Construcciones e instalaciones para equipamientos y dotaciones públicos y privados.

Art. 36.4:

4. Los usos contemplados en las letras o) y p) del artículo anterior requerirán la aprobación de un plan especial de infraestructuras y dotaciones, salvo que la actuación pudiera encuadrarse en lo dispuesto en el artículo 40 para las edificaciones existentes de carácter tradicional. En caso de implantarse en suelo rústico especialmente protegido, será preciso obtener la autorización o informe favorable del órgano sectorial correspondiente.

ARTÍCULO 39:

Para poder obtener el título habilitante municipal de naturaleza urbanística, o la autorización autonómica en los supuestos previstos en el artículo 36, para cualquier clase de edificaciones o instalaciones en el suelo rústico, habrá de justificarse el cumplimiento de las siguientes condiciones:

d) Cumplir las siguientes condiciones de posición e implantación:

– Habrá de justificarse suficientemente la idoneidad del emplazamiento elegido y la imposibilidad o inconveniencia de emplazarlas en suelo urbano o urbanizable con calificación idónea.

C.I.F. P-1503100-H

Estos preceptos de la Ley tienen un lógico paralelismo con los Arts. 50.1 letra p), Art. 51.4 y Art.61 del Decreto 143/2016 por el que se aprobó el reglamento de la Ley del Suelo.

Pero de todos ellos, articulados conjuntamente con el Art. 76 de la LSG -que también tiene su paralelismo con el Art. 183 del Reglamento-, hemos de deducir que el legislador autonómico prevé la posibilidad de implantar equipamientos dotacionales en suelo rústico a iniciativa privada, aunque lo condicione a la aprobación de un plan especial que, lógicamente, tiene carácter previo a la posible autorización municipal de las edificaciones que comporte y que, solo en el caso de que llegue a aprobarse el plan especial, habrían de cumplir los parámetros y condiciones de implantación establecidos en el Art. 39 de la Ley y Art. 61 del Reglamento, entre ellos la justificación de lo razonable del emplazamiento y la imposibilidad o inconveniencia de ubicarlo en suelo urbano o urbanizable.

Pues bien, sentado lo precedente hemos de concluir, contrariamente a lo que se resolvió en la instancia que, sin prejuzgar lo que en definitiva pueda resolverse una vez cumplimentados todos los trámites, que se produjo la aprobación inicial por silencio del plan especial promovido por la recurrente y que, por lo tanto, la resolución debió de ser anulada habida cuenta de que los informes emitidos y que sirvieron, a juicio de la juzgadora de instancia, de motivación a la decisión de inadmisión, en realidad encubren denuncias de defectos que cabría subsanar en el curso de la tramitación -tales como estudio poblacional, necesidad y viabilidad del centro cuya implantación se pretende- y los principios de sostenibilidad y preservación de los valores naturales, a los que se hace referencia en el informe emitido por la Secretaría, habrán de ponderarse con ocasión de la decisión final que se adopte, por lo que se impone la estimación del recurso y la revocación de la sentencia de instancia, con anulación de la resolución recurrida. (...)

Resultando, polo tanto, incuestionable para o TSX de Galicia que o Plan especial promovido pola entidade Valle de Rumbo, S.L. resultou legalmente aprobado por silencio.

TERCEIRA.- Consta no expediente UAL/2022/25 informe da Secretaría xeral de data 28 de marzo de 2022 (código de documento USG16I016U) en contestación ao escrito do xefe de Gabinete Técnico, de data 23 de marzo de 2022, no que solicita "informe sobre a forma na que se debe proceder ó respecto unha vez recibida a sentenza". En dito informe, tras diversas consideracións normativas indica:

"(...) Á vista do fallo da Sentencia, unha vez se comunique polo secretario/a xudicial ao Concello a firmeza desta (extremo este que debe confirmarse polo servizo de Asesoría Xurídica) debe o Concello cumprila, adoptando o acordo (previa a correspondente proposta) polo órgano competente (entendo a Xunta de Goberno local, por delegación de Alcaldía) de proceder ao seu cumprimento, tendo por aprobado inicialmente o plan especial por silencio administrativo, sometelo a información pública mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia, nun dos periódicos de maior difusión da provincia e na sede electrónica do Concello, publicando tamén nesta o documento en tramitación, notificando igualmente o acordo as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, e solicitar durante o trámite de información pública os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos (extremo este -o de os informes sectoriais que resulten preceptivos- que debe informarse polo técnico municipal) , e que se continuen os trámites legalmente previstos e que son os sinalados no artigo 75 da Lei do Solo de Galicia. (...) "

CONCLUSIÓN

Examinada a normativa sinalada e a xurisprudencia ao respecto, visto o contido do expediente e as características do asunto resulta improbable a viabilidade do recurso de casación, coa consideración negativa engadida que podería derivar da repercusión económica para este Concello, pola imposición das costas do procedemento.

Polo que se PROPÓN a Xunta de Goberno Local que adopte o acordo de non recorrer a Sentenza nº 75/2022 Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, rec. de apelación nº 4314/2021 de data 15 de febreiro de 2022, procedendo a execución voluntaria da mesma, e continuar coa tramitación administrativa do expediente en beneficio dos interesados, aos efectos de axilizar os trámites administrativos suficientemente retrasados por mor do procedemento xudicial.(....)”

Tendo en conta todo o anterior,

Propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente por silencio administrativo o "Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo" que redactou o arquitecto D. Javier Nogueiras Mascarenhas co selo de visado colexial do 18.01.2019.

Segundo.- Sometelo ao trámite de información pública por un prazo de dous meses (2) mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia (DOG), nun dos xornais de maior difusión na provincia, na sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal da transparencia, publicando tamén na sede electrónica o plan especial que se aprobou inicialmente que se somete a información pública.

Terceiro.- Notificar de forma individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Contra este acordo, polo seu carácter de acto de trámite, non cabe recurso algún, sen prexuízo das alegacións que se poidan formular.”

C.I.F. P-1503100-H

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 8 de abril de 2022 (código de documento UAU16I013R), que resulta aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)